

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que en data 29 de maio de 2023 formalizouse entre o SERVIZO GALEGO DE SAÚDE e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) o instrumento convencional arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ate o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos/as profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
3. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas de formación e coidados de persoas coidadoras.
4. Sensibilización social.
5. Información, orientación e asesoramento a familiares e persoas coidadoras.
6. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas

psicoeducativos.

7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a encargada de fomentar programas asistenciais de continuidade de coidados e de atención á cronicidade no marco das estratexias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da atención primaria.

Constátase que co envellecemento a poboación sofre un aumento dos problemas dexenerativos, entre os que se atopa a enfermidade do Alzheimer.

As persoas que o padecen adoitan convivir coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha gran dificultade así como afrontar situacións inquietantes para os familiares que se ven necesitados dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde.

No ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social da persoa enferma, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

Pola súa banda, a Federación de Asociacións Galegas de Familiares e Enfermos de



Alzhéimer (FAGAL) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos familiares de enfermos do Alzhéimer, tendo como un dos seus fins a formación das persoas coidadoras principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.

FAGAL cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ambas as dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares no seu domicilio, promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

